

CRÓNICA PARLAMENTARIA

Francisco Caamaño Domínguez
Profesor de Dereito Constitucional
Universidade de Santiago

X.A. Sarmiento Méndez
Letrado
Parlamento de Galicia

1.- INTRODUCCIÓN

A presente crónica ten por obxeto as actividades desenroladas polo Parlamento de Galicia no primeiro período de sesións do ano 1992 (1), correspondente a III Lexislatura que, como é sabido, principiou tra-lo proceso electoral celebrado en decembro de 1989 e no que, por primeira vez na nosa vida parlamentaria en aplicación do art. 9.1 e a D.T. 5ª da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia, distribuíronse setenta e cinco escanos entre as forzas políticas que acadaron representación parlamentaria. Os grupos parlamentarios constituídos e o seu número de membros integrantes foi o seguinte: Popular de Galicia, 38 deputados; Socialistas de Galicia, 28; Bloque Nacionalista Galego 5; e, Grupo Mixto, 4, integrado poritariamente por dous deputados de Coalición Galega e de Esquerda Galega respectivamente.

Unha soa alteración experimentóuse na composición da Cámara galega como consecuencia do paso dun Deputado do Grupo dos Socialistas de Galicia ó Grupo Mixto que conta na actualidade con cinco membros. Nembargantes, e feita esta salvedade, o partido gobernante contaba cunha maioría absoluta que, tense manifestado o suficientemente compacta, como para levar adiante o seu programa político e que, loxicamente, tamén se patentiza no facer cotián do Parlamento.

Seguindo unha sistemática xa tradicional, consistente en agrupar as distintas tarefas levadas a cabo polo Parlamento en atención as grandes

(1) Sobre o primeiro ano de actividade do Parlamento de Galicia nesta III Lexislatura vid. X. A. Sarmiento Méndez, «Primer año de actividad de la Tercera Legislatura del Parlamento de Galicia», Rev. de las Cortes Generales, núm. 22, 1991, páxs. 184 e ss.

funcións que constitucional e estatutariamente lle son encomendadas, tentaremos nas paxinas que siguen de dar conta dos aspectos mais salientables das mesmas, adiantando que, en termos xerais, o ritmo de traballo da Cámara é sustancialmente similar, en caseque todos os aspectos, ó mantido en anteriores períodos e lexislaturas.

2. Reunións dos órganos da cámara

Se no ano 1991 computáronse 19 sesións plenarias neste primeiro período de sesións do noventa e dous téñense celebrado doce, sendo abril, con catro, o mes de maior traballo en Pleno. No que atinxe a Mesa da Cámara con 28 reunións, así como as conxuntas celebradas entre a Mesa e a Xunta de Portavoces (12) encontráanse dentro do ritmo habitual de traballo destes órganos intraparlamentarios. Outro tanto cabe dicir das distintas Comisións integrantes da Cámara, tal como se desprende do cadro (número 1) que se adxunta e da que merece especial mención a Comisión creada *ad hoc* para o estudo da repercusión socioeconómica e sanitaria do narcotráfico en Galicia, pola súa repercusión na opinión pública galega.

CADRO 1
SESIÓNS DE COMISIÓNS

COMISIÓNS	1992
	1.º Período de Sesións
PERMANENTES LEXISLATIVAS	
1. Institucional, de Administración Xeral, Xusticia e Interior	10
2. Ordenación Territorial Obras Públicas, Medio Ambiente e Servicios	11
3. Economía, Facenda e Presupostos	5
4. Educación e Cultura	11
5. Sanidade, Políctica Social e Emprego	10

CADRO 1 (Continuación)
SESIÓNS DE COMISIÓNS

COMISIÓNS	1992
	1.º Período de Sesións
6. Industria, Enerxía, Comercio e Turismo	6
7. Agricultura, Alimentación, Gandería e Montes	8
8. Pesca e Marisqueo	8
PERMANENTES NON LEXISLATIVAS	
1. Regulamento	2
2. Estatuto dos Deputados	1
3. Peticións	—
4. Control da Compañía da RTVG	3
5. Para as relacións co Consello de Contas	1
NON PERMANENTES	
1. Para o estudio da repercusión do narcotráfico en Galicia	3
2. Para o seguimento e control do Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia	4
TOTAIS	83

3. Actividade legislativa

A actividade legislativa gubernamental sustanciouse neste período de sesións na presentación dos seguintes proxectos de lei:

- De Pesca de Galicia
- De concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Administración da comunidade Autónoma, modificación e incremento retributivo previsto na Lei 15/1991, do 28 de decembro, e sobre concesión dun crédito extraordinario por importe de dous mil trescentos millóns de pesetas, ó vixente presuposto de gastos, para facer efectiva as ditas medidas.
- Polo que se modifica a Lei 8/1985, do 13 de agosto, de eleccións ó Parlamento de Galicia.
- De protección ambiental de Galicia.
- De regulación das augas termais, de manantial e establecementos balnearios da Comunidade Autónoma de Galicia.

De entre todos eles merece especial mención, pola súa fonda repercusión para a vida política da nosa Comunidade, o relativo a modificación da Lei de Eleccións ó Parlamento de Galicia, sobre todo, por pretender o proxecto gubernamental un incremento do 3 ó 5% no número de votos que necesariamente hanse de acadar na circunscrición para poder ser proclamado electo, o que pode supor, como cando de barreiras porcentuais desta caste se trata, unha utilización manipulativa do sistema electoral, artificialmente distorsionadora da vontade real do electorado, en favor dos partidos maioritarios e, en detrimento, de certas forzas nacionalistas que, como Esquerda Galega ou Coalición Galega estarían condeadas a desaparecer do arco parlamentario de obteren resultados electorais semellantes ós acadados nas últimas eleccións; amén, de servir esta reforma de potencial mecanismo para «redisciplinar» as propias filas do partido gobernante ante tentativas futuras de ruptura interna por parte de sectores recén incorporados como os Centristas de Galicia.

De calquera xeito, e sen ánimo de adiantar unha polémica que xa parece servida, e que se acompaña doutras non menos conflictivas cuestións, como a do aumento do número de deputados ate ó máximo estatutario de oitenta e o seu correspondente reparto interprovincial que é, como se sabe, unha das maiores causas de desigualdade do voto, o certo, é que o debate desta lei será un dos problemas políticos centrais a despexar pola Cámara no próximo período de sesións.

Mais, ó marxe destes proxectos de lei presentados, cumpre sub-liñar aqueles que foron efectivamente tramitados e aprobados:

- De artesanía de Galicia.
- O xa devandito, «de concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma...»
- De coordinación das policía locais.
- De creación da Academia Galega de Seguridade.
- De creación do Instituto Galego de Promoción Económica.
- De disciplina turística.
- Polo que se modifica o artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública de Galicia, sobre obrigatoriedade de acreditarlo coñecemento da lingua galega nas probas selectivas para acceso a función pública.
- Polo que se declara de interese social as obras precisas para a construción-ampliación do recinto ferial e instalacións complementarias que promova ou execute a Fundación «Semana Verde de Galicia».
- De pesca fluvial.

Doutra banda, a actividade lexislativa da oposición cristalizou na presentación, polos distintos grupos parlamentarios, das proposicións de leis que se detallan:

G. P. Socialistas de Galicia

- De medidas urxentes para o desenvolvemento e a mellora da competitividade da empresa galega.
- Medidas de mellora da asistencia sanitaria.
- Medidas urbanísticas para a promoción da vivenda en Galicia.
- Concentración parcelaria e de ordenación de explotacións.
- Preservación e explotación dos recursos mariños de Galicia.
- Ordenación e promoción turística da Galicia.
- Racionalización das subvencións a Concellos e de estímulo ó esforzo tributario local.
- Prevención, asistencia e reinserción en materia de drogodependencias.

G. P. Bloque Nacionalista Galego

- De ordenamento forestal de Galicia.
- Ordenamento da política gandeira.

- Modificación da vixente Lei de Normalización lingüística (Lei 3/1983).

G. Mixto

- Sobre os dereitos lingüísticos dos consumidores en relación co idioma galego. (a iniciativa do deputado de Esquerda Galega, Sr. Camilo Nogueira).

Neste mesmo período de sesións, aprobáronse as proposicións de lei «De educación e promoción de adultos» (do G. P. Popular), a presentar perante o Congreso dos Deputados, así como a «De modificación do artigo 82 da Lei xeral de sanidade estatal no referente o financiamento da asistencia sanitaria da Seguridade Social (do G. Mixto, a iniciativa de D. Camilo Nogueira).

Igualmente, foron rexeitadas a proposición de lei presentada polo citado deputado sobre «Transferencia de competencias a Galicia nas materias de lexislación, ordenación e concesións de recursos e aproveitamentos hidráulicos, incluídas no artigo 149.22 da Constitución», as formuladas polo G. P. do BNG «Sobre a reforma dos artigos 2 e 3 da Constitución española, segundo o previsto no artigo 166 en relación co 87.1 e 87.2 da propia Constitución», «Ordenamento forestal de Galicia», «Ordenamento da política gandeira» e a de «Institucionalización do Día de GALICIA mártir»; e, finalmente a do G. P. Socialista sobre «Medidas urxentes para o desenvolvemento e a mellora da competitividade da empresa galega».

Tan só dúas proposicións de lei foron retiradas, a saber: a de «Protección dos arrendamentos rústicos históricos de Galicia (do G. P Socialista) e a relativa a «Os arrendamentos rústicos de Galicia e as parcerías» (Do G. Mixto, a iniciativa de D. Cándido Sánchez Castiñeiras).

Resultado de toda esta tarefa lexislativa foi a aprobación neste período de sesións das seguintes leises:

- De coordinación das policía locais.
- De Artesanía de Galicia.
- De concesión dunha paga ó persoal ó servizo da Administración da Comunidade Autónoma, modificación do incremento retributivo pre-

visto na Lei 15/1991, do 28 de decembro, e concesión dun crédito extraordinario por importe de dous mil trescentos oitenta millóns de pesetas, o presente presuposto de gastos, para facer efectivas ditas medidas.

- De creación da Academia Galega de Seguridade.
- De creación do Instituto Galego de Promoción Económica.
- De disciplina turística.
- Pola que se declaran de interese social as obras precisas para a construción-ampliación do recinto ferial e das instalacións complementarias que promova ou execute a Fundación «Semana Verde de Galicia».
- De pesca fluvial.
- Pola que se modifica o artigo 33 da Lei 4/1988, do 26 de maio, da Función Pública, sobre obrigatoriedade de acredita-lo coñecemento da lingua galega nas probas selectivas para acceso a función pública.

Se descartamos aquelas leises meramente coxunturais e as de reforma doutras leises anteriores, cecais o mais salientable das normas legais aprobadas, sexa a incidencia feita en materia de seguridade cidadán, mediante a Lei de coordinación das policías locais (2) e a de creación da Academia Galega de Seguridade, como xerme para a futura configuración e formación da policía autonómica galega.

Para rematar este apartado cumpre sub-liñar, por tratarse dunha norma que, inda que emanada do Goberno, conta con valor de lei, o control parlamentario efectuado sobre o Decreto lexislativo «Polo que se aproba o texto articulado das bases contidas no capítulo 3º do Título II da Lei 13/1991, do 9 de decembro, de taxas, prezos e exaccións reguladoras da Comunidade Autónoma de Galicia». Maila o dito, e sen ter en conta esta última norma, as leises aprobados polo Parlamento de Galicia no que vai desta III Lexislatura, suman un total de 27, sendo o promedio por Lexislatura encol as coarenta leises.

(2) Para un comentario detido do proceso de formación desta lei, vid. xosé Ramón Cólera Leirado, «Crónica Parlamentaria», *Revista Xurídica Galega*, núm. O, 1992, páxs. 305 e ss.

4. Actividade de información e impulso

Se algo ten caracterizado comparativamente o funcionamento do Parlamento de Galicia en relación a outros Parlamentos territoriais e, xustamente, o destacado uso que dos distintos instrumentos ordinarios de información e control se ten feito desde a súa primeira andadura. É esta, unha certa tradición institucional no devir institucional da Cámara que, ceais poda verse mermada pola anunciada reforma do Regulamento, pero que, polo de agora, deixase craramente apreciar neste período de sesións, inda que, como é lóxico, a existencia dunha sólida maioría absoluta tenda, pola súa propia dinámica, a converter en ineficaces uns instrumentos cúa capacidade de control efectivo resultan mais que cuestionable, tanto política como xurídicamente, e que a praxe do día a día ven a confirmar. Que as preguntas e as interpelacións sexan hoxe un instrumento de control do Goberno, no deixa de ser un eufemismo que herdado do parlamentarismo clásico agocha unha ben que distinta realidade.

Mais, inda que os consideremos como meros instrumentos de información e impulso da laboura gubernamental, merecen ser salientados por formar parte do pulso vital da nosa Cámara (vid, cadro núm.2).

CADRO 2

PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN , IMPULSO E DECISIÓN POLÍTICA

SESIÓNS INFORMATIVAS	36
INTERPELACIÓNS	
• Tramitadas	24
• En tramitación	91
PREGUNTAS	
• PRESENTADAS	346
• Tramitadas	341
• En Pleno	31
• En Comisión	136
• Resposta escrita	174

CADRO 2 (Continuación)

PROCEDEMENTOS DE INFORMACIÓN , IMPULSO E DECISIÓN POLÍTICA

• En tramitación	159
• En Pleno	4
• En Comisión	54
• Resposta escrita	101
MOCIÓNS	14
PROPOSICIÓNS DE LEI	
• Presentadas	128
• Tramitadas	130
• En Pleno	17
• Rexeitadas	8
• Aprobadas	9
• En Comisión	113
• Rexeitadas	83
• Aprobadas	30
• En trámite	96
• En Pleno	63
• En Comisión	33
